


PorUn2018SenAbuSOS  
#acendámo-la luz



Se te tocan nas sombras,  
te ameazan, deshonran,  
ou che din:  
"iso non se conta..."

Acendámo-la luz  
dando a cara,  
porque coa túa luz  
os abusos se paran.

Conta comigo,  
volve vivir.  
Acende a luz,  
volve sorrir.

Conta comigo  
non tes que seguir  
por máis escondido.

Conta comigo,  
conta sen máis.  
Conta comigo e  
conta ademais

cos meus oídos  
que endexamais  
xulgan ferindo.

Ten coidado  
con quen te encapricha,  
con quen te ameaza  
agochado nas sombras.

Acendámo-la luz  
de contado  
para que ninguén  
pida que te escondas.

Porque quen quere ben  
sabe o risco que ten  
o que busca agocharte nas sombras...

Acendamos con luz  
os segredos  
que son un alude  
de neve moi fonda.

Conta comigo,  
apóiate en min.  
Estou contigo.  
Respondo sen fin...

Buscas motivos?  
Confía en min...  
Xuntos, sorrimos

Conta comigo,  
achégate a min.  
Conta comigo,  
faamos sen fin.

Se aínda preguntas:  
Por que a min?  
Respondamos xuntos...

Acendámo-la a luz!



XUNTA  
DE GALICIA